



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN TERCEIRA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS-TRACTORISTA, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020

Sendo as 9:00 horas do día 29 de setembro de 2021, na Casa do Concello de Bergondo, xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 20 de setembro de 2021, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, María Dolores Pita da Veiga (funcionaria de carreira do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña), Antonio Fernández Fernández (persoal laboral fixo da Xunta de Galicia), Juan Carlos Gómez Pérez (arquitecto técnico municipal do Concello de Bergondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe, o Tribunal trasládase á Casa da Xuventude do Concello de Bergondo, lugar de celebración do primeiro exercicio da oposición, compróbanse os medios e as condicións para a realización do primeiro dos exercicios da oposición, regulado na base 8ª as bases específicas (BOP núm. 49 do 15.03.2021), e determinado polo Tribunal na súa xuntanza do 27 de setembro.

As 9:30 horas, procédese ao chamanento único dos aspirantes, segundo o disposto na Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021). Preséntanse os seguintes candidatos, logo da comprobación da súa identidade:

Nº	Apelidos e Nome	DNI	Ex.
1	BALBIS BABIO, ANTONIO	***1620**	GAL
2	BALBIS BABÍO, MIGUEL	***0445**	C
3	BARJA VAL, JUAN	***9721**	C
4	GARCÍA ALVARELLOS, CARLOS	***8911**	GAL
5	GAYOSO PONTE, PABLO	***0153**	C
6	PERMUY RIO, DAVID	***8069**	GAL
7	SÁNCHEZ SÁNCHEZ, IVÁN	***4608**	C
8	VÁZQUEZ ÍNSUA, JOSÉ ANTONIO	***3094**	C

Polo Tribunal infórmase aos aspirantes das normas que rexerán a execución do exercicio:

- A proba garante o anonimato dos aspirantes. Para o cal, deberán cubrir o folio que se lles entrega nun sobre pequeno, no que figura un código numérico, cos seus datos persoais. Ese folio, introducirase unha vez cuberto e asinado, no sobre pequeno que guardárase pechado dentro do sobre grande, xunto co exame. No exame só poden poñer o número asignado *sin ningún outro tipo de marca nin dato nin sinatura*, en caso contrario non sse correxirá o exercicio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

- En caso de marcar erroneamente unha resposta, escribírase claramente diante da letra da resposta errónea a palabra NON e marcarase a correcta. Doutro xeito, en caso de marcar DOUS ou máis respostas, considerarase contestada incorrectamente
- Empregarase bolígrafo azul ou negro para a realización da proba
- Deberán apagarse e guardarse os teléfonos móbiles antes de iniciar a proba
- Respostaranse tódalas preguntas, tamén as de reserva
- Entregánselles as instrucións de execución deste exercicio, e na volta do folio poden anotar as súas respostas.

A continuación sendo as 9:39 horas comeza o exercicio dispoñendo os aspirantes dunha hora, ata as 10:39 horas para a súa execución.

Rematado o exame, o Tribunal trasládase á Casa do Concello de Bergondo retomando a sesión ás 10:45 horas e procedendo á corrección do exercicio primeiro co seguinte resultado, indicando código do aspirante e nota acadada:

CÓDIGO	NOTA
1	6,65
2	4,05
4	4,80
9	2,90
10	5,75
11	4,55
12	4,35
13	4,65

Finalizada a corrección do primeiro exame da oposición o Tribunal, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro. Publicar a corrección do primeiro exame no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica e na páxina web municipal, outorgando un prazo de tres días hábiles, contados dende o seguinte á apertura pública dos sobres coa identidade dos aspirantes no primeiro exercicio.

Segundo. Sinalar como data do acto público de apertura dos sobres coa identidade dos aspirantes, mañá xoves, 30 de setembro de 2021, ás 12:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello, coa presenza da Presidenta e da Secretaria do Tribunal.

Terceiro. - Sinalar como data do segundo exame da oposición, o xoves 14 de outubro de 2021, na Casa do Concello de Bergondo (A Coruña)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

O primeiro dos aspirantes deberá acudir ás **10:30 horas**.

O segundo dos aspirantes deberá acudir ás **11:30 horas**.

A identidade de cada un sinalarase na acta do acto público de apertura dos sobres coa identidade dos aspirantes que publicárase no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica e na páxina web municipal, indicando a orde segundo a previsión contida na base 7ª.2 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021).

Cuarto. Como concreción da realización do segundo exercicio da oposición, o Tribunal establece que consistirá nunha proba simulada do uso do tractor con rozadora de brazo nun circuito, valorándose:

- cuestións básicas de mantemento (a súa identificación e realización): engrase cabezal desbrozadora; limpeza do filtro de aire e comprobación do nivel de aceite do motor (ata 9 puntos)
- e a conducción e manexo do tractor coa rozadora de brazo (ata 6 puntos)

No exercicio, como indican as bases, valorarase de xeito especial a pericia propia do oficio ou labor, a celeridade na execución, a limpeza do traballo executado. A puntuación será motivada polo nivel de coñecementos, axilidade/ destreza e aspectos prácticos e innovadores. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Quinto. Manter para a realización do segundo exercicio da oposición as medidas de prevención do COVID-19 sinaladas na Resolución da alcaldía núm. 915/2021, do 3 de agosto, publicadas no BOP núm. 148 do 06.08.2021.

Sexto. Publicar a plantilla do exame na páxina web municipal.

Sétimo. Publicar o acordado no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica (Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021).

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina por tódolos integrantes do Tribunal. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os/as Vogais

A secretaria

